

Trámite: certificación do acordo.

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o día 19.06.2023, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

5.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA PARA O ANO 2023 DAS AXUDAS Á ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NO ÁMBITO DAS ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI/ARRU) DO NÚCLEO DE ESTRIBELA E DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PONTEVEDRA AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS APROBADAS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14.12.2015. (BOP NÚM. 245 DO 21.12.2015) E AS BASES REGULADORAS APROBADAS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20.12.2017 (BOP NÚM. 244 DO 22.12.2017). 2ª CONVOCATORIA REMANENTES PLAN ESTATAL 2013-2016. 2023/SUBCC/000006.

Examinado o expediente instruído para a aprobación dunha nova convocatoria pública para solicitar axudas á rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Integral (ARI) de Estribela e Conxunto Histórico de Pontevedra, resultan acreditados os seguintes FEITOS

1. O Concello de Pontevedra conta con dúas áreas de rehabilitación declaradas: a Área de Rehabilitación Integral do núcleo de Estribela, declarada pola Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia mediante acordo do 03.05.2007, e a Área de Rehabilitación Integral do Conxunto Histórico, declarada polo Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Presidente do Instituto Galego da Vivenda e Solo, mediante acordo de data 04.10.2012. A declaración destes ámbitos é unha peza básica para recuperación e rexeneración do tecido residencial mediante a realización conxunta das obras de rehabilitación de edificios e vivendas e a reurbanización do espazo público.

2. O 10.04.2013 publicouse no BOE núm. 86 o Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

3. O 27.10.2015 asináronse os Acordos da Comisión Bilateral entre o Ministerio de Fomento, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e o Concello de Pontevedra, relativos ás Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana do núcleo de Estribela e do Conxunto Histórico de Pontevedra, anualidade 2015, no marco do Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e que ten por obxecto o financiamento de actuacións de rehabilitación neses ámbitos cun período de duración ata o 31.12.2016.

4.

AREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PONTEVEDRA (1ª FASE)						
	Actuación	Nº actuacións	Custo actuación	Achega Ministerio	Achega IGVS	TOTAL
ACB 27.10.2015	REHABILITACIÓN	100	1.437.248,17 €	503.036,86 €	0,00 €	503.036,86 €

AREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO NÚCLEO DE ESTRIBELA (6ª FASE)						
	Actuación	Nº actuacións	Custo actuación	Achega Ministerio	Achega IGVS	TOTAL
ACB 27.10.2015	REHABILITACIÓN	58	219.268,72 €	76.744,05 €	0,00 €	76.744,05 €



5. No BOE núm. 298 do 10 de decembro de 2016, publicouse o Real Decreto 637/2016, de 9 de decembro, polo que se prorroga durante un ano o Plan Estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, ampliando o prazo de execución das actuacións ata o 31.12.2017.

6. O 31.07.2017 subscribiuse o Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución da prórroga do Plan 2013-2016, conforme ao establecido no artigo 3 do Real Decreto 233/2013, o Concello de Pontevedra asinou unha addenda o 27.10.2017 para a ampliación do prazo de execución das actuacións dos Acordos da Comisión Bilateral do 27.10.2015, ata o 31.12.2019. En virtude do citado artigo 3 do Real Decreto 233/2013, se poderán acordar reaxustes nas actuacións inicialmente previstas nos distintos programas, así como outros axustes que resulten necesarios, polas modificacións que puidesen producirse no financiamento do Plan 2013-2016.

7. A Comunidade Autónoma de Galicia solicitou a modificación da cláusula do citado Acordo relativa á duración da execución das actuacións a desenvolver na Área de Rexeneración e Renovación Urbana do núcleo de Estribela e do Conxunto Histórico de Pontevedra, polo que o 26.10.2017 subscribiuse unha addenda para a modificación dos Acordos da Comisión Bilateral do 27.10.2015 das citadas áreas, para ampliar o prazo de execución das actuacións ata o 27.10.2018.

8. O 26.10.2017 asináronse os Acordos da Comisión Bilateral entre o Ministerio de Fomento, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e o Concello de Pontevedra, relativos ás Areas de Rexeneración e Renovación Urbana do núcleo de Estribela e do Conxunto Histórico de Pontevedra, anualidade 2017, no marco da prórroga do Plan Estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e que ten por obxecto o financiamento de actuacións de rehabilitación neses ámbitos, establecendo un prazo de execución das actuacións ata o 31.12.2018.

AREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PONTEVEDRA (2ª FASE)						
	Actuación	Nº actuacións	Custo actuación	Achega Ministerio	Achega IGVS	TOTAL
ACB 26.10.2017	REHABILITACIÓN	50	431.490,61 €	151.021,71 €	43.149,06 €	194.170,77 €

AREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO NÚCLEO DE ESTRIBELA (7ª FASE)						
	Actuación	Nº actuacións	Custo actuación	Achega Ministerio	Achega IGVS	TOTAL
ACB 26.10.2017	REHABILITACIÓN	28	122.820,00 €	42.987,00 €	12.282,00 €	55.269,00 €

9. O 10.03.2018 publicouse no BOE o Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021. A disposición transitoria primeira deste Real decreto, permite a ampliación do prazo de execución das actuacións dos Programas de fomento da rexeneración e renovación urbanas do Plan 2013-2016 e a súa prórroga. Ao abeiro da mencionada disposición transitoria, a Comunidade Autónoma solicitou, por petición do Concello de Pontevedra, a ampliación do prazo de execución das actuacións financiadas en virtude dos acordos asinados na Comisión Bilateral do 27.10.2015 e do 26.10.2017 ata o 31.12.2019; para estes efectos o día 04.07.2018 asinou a correspondente addenda.

10. O 17.12.2019 publicouse no BOE o Real decreto 725/2019, do 13 de decembro, polo que se modifica a disposición transitoria primeira do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, que establece na súa disposición transitoria primeira a ampliación do prazo de execución das actuacións dos programas de fomento da rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal 2013-2016. Ao abeiro da mencionada disposición transitoria a Comunidade Autónoma solicitou, por petición do Concello de Pontevedra, a ampliación do prazo de execución das actuacións financiadas en virtude dos acordos asinados na Comisión Bilateral



do 27.10.2015, así como os relativos á prórroga do Plan Estatal 2013-2016, asinados na Comisión Bilateral do 26.10.2017, ata o 31.12.2020, para estes efectos o día 18.03.2020 asinouse a correspondente addenda.

11. O 10.12.2020 publicouse no BOE o Real decreto 1084/2020, do 9 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, que no seu artigo primeiro dispón que o prazo de execución das actuacións do programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas, que se executen ao abeiro dun Acordo de Comisión Bilateral para execución do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbana 2013-2016 e a súa prórroga, será ampliable ata o 31 de decembro de 2022. Ao abeiro do mencionado artigo a Comunidade Autónoma solicitou, por petición do Concello de Pontevedra, a ampliación do prazo de execución das actuacións financiadas en virtude dos acordos asinados na Comisión Bilateral do 27.10.2015, así como os relativos á prórroga do Plan Estatal 2013-2016, asinados na Comisión Bilateral do 26.10.2017, ata o 31.12.2022, para estes efectos o día 03.02.2021 asinouse a correspondente addenda.

12. En virtude da disposición final primeira do Real decreto 903/2022, do 25 de outubro, polo que se modifican o Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o Bono alugueiro mocidade e o Plan Estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, así como o Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, e o Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan los programas de axuda en materia de rehabilitación residencial vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, “o prazo de execución das actuacións dos programas de fomento do parque público de vivenda en alugueiro e de fomento da rexeneración e renovación urbanas, que se executen ao abeiro dun Acordo de Comisión Bilateral de Seguimento dos convenios de colaboración subscritos entre o Ministerio e cada Comunidade Autónoma ou Cidade de Ceuta ou Melilla para a execución, incluída a súa prórroga, do Plan Estatal de fomento do alugueiro de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, será ampliable ata o 31 de decembro de 2023, incluso nos supostos nos que se supere o prazo máximo de tres anos inicialmente establecido no Plan Estatal 2013-2016 ou finalizara o prazo inicialmente acordado con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto. Nestas actuacións as Comunidades Autónomas e as Cidades de Ceutae Melilla poderán resolver a concesión de axudas ata o 1 de outubro de 2023”.

Ao abeiro do mencionado artigo a Comunidade Autónoma solicitou, por petición do Concello de Pontevedra, a ampliación do prazo de execución das actuacións financiadas en virtude dos acordos asinados na Comisión Bilateral do 27.10.2015, así como os relativos á prórroga do Plan Estatal 2013-2016, asinados na Comisión Bilateral do 26.10.2017, ata o 31.12.2023, para estes efectos o día 21.12.2022 asinouse a correspondente addenda.

13. A sinatura desta última addenda que amplía o prazo de execución das actuacións financiadas con cargo aos acordos asinados no marco do Plan 2013-2016 e a súa prorrogata ata o 31.12.2023 e que posibilita a resolución de concesión de axudas por parte da Comunidade Autónoma ata o 1 de outubro de 2023, permite unha marxe suficiente de tempo para abrir unha nova convocatoria de axudas cos remanentes de financiamento dos acordos asinados polo Concello de Pontevedra.

14. O 14.12.2015 a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra aprobou as Bases e convocatoria pública das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Integral do núcleo de Estribela e Conxunto Histórico de Pontevedra (BOP núm. 245 do 21.12.2015), con cargo ao financiamento dos Acordos de Comisión Bilateral asinados 27.10.2015 para unha 6ª Fase da ARI do núcleo de Estribela e unha 1ª Fase da ARI do Conxunto Histórico.

Dado que non se esgotou o financiamento previsto nos citados acordos o 13.06.2016, 24.07.2017 e 30.12.2021 a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra acordou aprobar novas convocatorias públicas para solicitar axudas á rehabilitación de edificios e vivendas na área de rehabilitación integral do núcleo de Estribela e Conxunto Histórico de Pontevedra (BOP núm. 121 do 27.06.2016, BOP núm. 156 do 16.08.2017 e BOP núm. 14 do 21.01.2022).).



O Concello de Pontevedra ten executadas e xustificadas con cargo aos acordos de Comisión Bilateral do 27.10.2015, regulados nas bases publicadas BOP núm. 245 do 21.12.2015, un total de 83 actuacións de rehabilitación no conxunto histórico e 40 actuacións de rehabilitación no núcleo de Estibela que non esgotan o financiamento previsto nos citados acordos.

O financiamento comprometido nos acordos, as actuacións xustificadas e a dispoñibilidade orzamentaria en ambas áreas de rehabilitación son as que se especifican no seguinte cadro.

AREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PONTEVEDRA (1ª FASE)						
	Actuación	Nº actuacións	Custo actuación	Achega Ministerio	Achega IGVS	TOTAL
ACB 27.10.2015	REHABILITACIÓN	100	1.437.248,17 €	503.036,86 €	0,00 €	503.036,86 €
XUSTIFICADAS	REHABILITACIÓN	83	954.822,04 €	290.720,70 €	0,00 €	290.720,70 €
REMANENTES	REHABILITACIÓN	17	482.426,13 €	212.316,16 €	0,00 €	212.316,16 €

AREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO NÚCLEO DE ESTIBELA (6ª FASE)						
	Actuación	Nº actuacións	Custo actuación	Achega Ministerio	Achega IGVS	TOTAL
ACB 27.10.2015	REHABILITACIÓN	58	219.268,72 €	76.744,05 €	0,00 €	76.744,05 €
XUSTIFICADAS	REHABILITACIÓN	40	37.416,46 €	13.095,76 €	0,00 €	13.095,76 €
REMANENTES	REHABILITACIÓN	18	181.852,26 €	63.648,29 €	0,00 €	63.648,29 €

15. O 20.12.2017 a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra aprobou as Bases e convocatoria pública das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Integral do núcleo de Estibela e Conxunto Histórico de Pontevedra (BOP núm. 244 do 22.12.2017), con cargo ao financiamento dos Acordos de Comisión Bilateral asinados 26.10.2017 para unha 7ª Fase da ARI do núcleo de Estibela e unha 2ª Fase da ARI do Conxunto Histórico.

O Concello de Pontevedra ten executadas e xustificadas con cargo aos acordos de Comisión Bilateral do 26.10.2017, regulados nas bases publicadas BOP núm. 244 do 22.12.2017, un total de 18 actuacións de rehabilitación no conxunto histórico e 12 actuacións de rehabilitación no núcleo de Estibela que non esgotan o financiamento previsto nos citados acordos.

O financiamento comprometido nos acordos, as actuacións xustificadas e a dispoñibilidade orzamentaria en ambas áreas de rehabilitación son as que se especifican no seguinte cadro.

AREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PONTEVEDRA (2ª FASE)						
	Actuación	Nº actuacións	Custo actuación	Achega Ministerio	Achega IGVS	TOTAL
ACB 26.10.2017	REHABILITACIÓN	50	431.490,61 €	151.021,71 €	43.149,06 €	194.170,77 €
XUSTIFICADAS	REHABILITACIÓN	18	390.660,24 €	122.536,61 €	38.990,34 €	161.526,95 €
REMANENTES	REHABILITACIÓN	32	40.830,37 €	28.485,10 €	4.158,72 €	32.643,82 €

AREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO NÚCLEO DE ESTIBELA (7ª FASE)						
	Actuación	Nº actuacións	Custo actuación	Achega Ministerio	Achega IGVS	TOTAL



ACB 26.10.2017	REHABILITACIÓN	28	122.820,00 €	42.987,00 €	12.282,00 €	55.269,00 €
----------------	----------------	----	--------------	-------------	-------------	-------------

16. Tendo o en conta o especificado nos puntos anteriores do presente informe, e dado que existe dispoñibilidade orzamentaria, propónse tramitar a apertura dunha nova convocatoria para a presentación de novas solicitudes de axudas á rehabilitación de edificios e vivendas con cargo aos convenios específicos asinados o 27.10.2015 e 26.10.2017 no marco do Plan 2013-2016 e a súa prórroga, co crédito que se indica no seguinte cadro:

16. Informada a proposta remitida á Intervención Municipal para informe, dende Contabilidade emítese un informe no que se reflicten diversos desfases no gasto, sendo que se detectan para o Centro Histórico na súa fase I e II, unha desviación de -1.492,13 € na fase I e -305,82 €, na fase II, polo que se devolve a este Servizo para novo informe e proposta, posto que restarían ditas cantidades sen aplicar.

17. En data 15/05/2023, a arquitecta xefe da Oficina técnica de rehabilitación, emite o informe no que informa que existen dous expedientes de reintegro de subvencións, o que xeraría dito superhabit, informe que a continuación se transcribe :

“ ...Informe

1 Tras a revisión do expediente polo servizo de intervención, compróbase que as cantidades sen adxudicar na 1ª Fase da ARI do Conxunto histórico de Pontevedra, varían con respecto á proposta inicial.

Polo tanto o financiamento comprometido nos acordos, as actuacións xustificadas e a dispoñibilidade orzamentaria na 1ª fase da área de rehabilitación do conxunto histórico é a que se especifica no seguinte cadro:

AREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PONTEVEDRA (1ª FASE)				
	Actuación	Nº actuacións	Custo actuación	Achega Ministerio
ACB 27.10.2015	REHABILITACIÓN	100	1.437.248,17 €	503.036,86 €
XUSTIFICADAS	REHABILITACIÓN	85	958.656,49 €	292.212,83 €
REMANENTES	REHABILITACIÓN	15	478.591,68	210824,03

Existen dous expedientes de reintegro de subvención, entre as obras xustificadas, por importe de 988,34 € e 353, 72 € pendentes de resolución do procedemento.

2 Tendo o en conta o especificado no punto anterior do presente informe, e dado que existe dispoñibilidade orzamentaria, propónse tramitar a apertura dunha nova convocatoria para a presentación de novas solicitudes de axudas á rehabilitación de edificios e vivendas con cargo aos convenios específicos asinados o 27.10.2015 e 26.10.2017 no marco do Plan 2013-2016 e a súa prórroga, co crédito que se indica no seguinte cadro:

	Actuación	Nº actuacións	Custo actuación	Achega Ministerio	Achega IGVS	TOTAL
ACB 27.10.2015	ARI/ARRU CONXUNTO HISTÓRICO	15	478.591,68 €	210.824,03 €	0,00 €	210824,03
	ARI/ARRU NÚCLEO DE ESTRIBELA	18	181.852,26 €	63.648,29 €	0,00 €	63648,29
ACB 26.10.2017	ARI/ARRU CONXUNTO HISTÓRICO	32	40.830,37 €	28.485,10 €	4.158,72 €	32643,82
	ARI/ARRU NÚCLEO DE ESTRIBELA	16	89.753,12 €	31.413,60 €	8.975,32 €	40388,92

E todo o que se informa aos efectos oportunos.

En Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica



18.- Visto o procedemento, cómpre reducir ao prazo de 1 mes o tempo para formular solicitudes de acollimento unha vez publicada a convocatoria a efectos de poderes dar cumprimento aos establecido.

19.- En data 09/06/2023, o Órgano de Xestión Orzamentaria, informa a existencia de crédito axeitado e suficiente para a tramitación e aprobación desta nova convocatoria para o exercicio 2023 polas seguintes contías:

ACB 27.10.2015

ARI CONXUNTO HISTÓRICO I= 210.824,03€

ARI ESTRIBELA VI= 63.648,29€

ACB 26.10.2017

ARI CONXUNTO HISTÓRICO II= 32.643,82€

ARI ESTRIBELA VII= 40.388,92€

20.- Con respecto do informe de fiscalización, a Intervención Municipal, en data 09/06/2023, emite informe de conformidade, o cal consta no expediente administrativo.

Aos anteriores feitos sonlle de aplicación os seguintes FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- O artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, atribúe competencias ao Concello, no eido da xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, para promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e no mesmo senso se pronuncia o artigo 80.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

II.- No que atinxe ao presente expediente, remitímonos aos obxectivos que se pretenden acadar coa liña de subvencións expresados no limiar das bases, e que se cohonestan coas competencias que o municipio exerce, consonte ao amentado artigo 25 da Lei 7/1985 e nos termos da lexislación estatal e galega en materia de subvencións, en concreto a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Regulamento da Lei xeral de subvencións aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, e Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

III.- As bases foron redactadas e adecuadas consonte a vixente Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Corporación Municipal, na sesión que tivo lugar o día 17 de setembro de 2004 e publicada, consonte ao disposto na lexislación de réxime local, no BOP núm. 190 do 30/09/2004, pola que se adequou a normativa municipal reguladora en materia de subvencións ao réxime xurídico establecido pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

IV.- Así mesmo, tamén se adaptan ás determinacións e preceptos básicos de rehabilitación do amentado Real decreto 233/2013, así como ao Decreto 18/2014, de 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

V.- Para o desenvolvemento do acordo de 27.10.2015 e 26.10.2017, onde se recolle o compromiso do Concello como ente xestor das actuacións e para os efectos de xestionar as axudas previstas, elaboráronse, como xa se deixou constancia, unhas bases reguladoras seguindo a Ordenanza Xeral, e determinando un procedemento de distribución dos recursos que asegure os principios de obxectividade, concorrência e publicidade, respectando o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e garantindo a transparencia das actuacións administrativas.

VI.- Remitímonos aos antecedentes do acto que se propón que, en aras da debida brevidade



administrativa, se dan por reproducidos en canto aos obxectivos e efectos de interese xeral e social que se pretenden coa súa aplicación, prazo de consecución, custos previsibles e fontes de financiamento, supeditándose en todo caso á existencia de consignación orzamentaria.

VII.- O presente expediente será obxecto de informe pola Intervención Xeral municipal e polo Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade, consonte ao disposto no Regulamento orgánico do goberno e administración do Concello aprobado o 21/10/05 (BOP n 248, do 28/12/05) e ao Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

VIII.- A competencia para a adopción do presente acordo de aprobación dunha nova convocatoria consonte as bases reguladoras xa aprobadas en data 14/12/2015, está conferida á Xunta de Goberno Local consonte ao establecido no artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro e o artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra, publicada no BOP de Pontevedra o 30/09/04.

IX.- Os artigos 9.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e 6.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, determinan que con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos neses textos legais, dispoñendo ademais estes preceptos, nos seus respectivos apartados 4, que adicionalmente, o outorgamento dunha subvención debe cumprir, entre outros requisitos, o da existencia de crédito adecuado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico que se derivan da concesión da subvención, a tramitación do procedemento aplicable e a fiscalización previa dos actos de contido económico, nos termos das leis de réxime financeiro e orzamentario, e a aprobación do gasto polo órgano competente; por conseguinte, este informe reenvía e supedita a proposta de resolución formulada ao sometemento do procedemento ao preceptivo informe da Intervención Xeral Municipal e o Órgano de Xestión Presupostaria e Contabilidade sobre tan necesarias cuestións orzamentarias, nos termos dos artigos 40, 173.6 e 213 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLFL) por remisión da Ordenanza xeral municipal reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra e os seus Organismos Autónomos, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17/9/04 (BOP núm. 190 do 30/9/2004), en especial o seu artigo 9.

Atendendo ao exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar unha nova convocatoria para o ano 2023 das axudas á actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito das Área de Rehabilitación Integral (ARI) do núcleo de Estribela e do Conxunto Histórico de Pontevedra ao abeiro das Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do 14.12.2015. (BOP núm. 245 do 21.12.2015) e as Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do 20.12.2017 (BOP núm. 244 do 22.12.2017), Remanentes Plan Estatal 2013-2016.

Segundo.- Significar expresamente que esta nova convocatoria non supón compromiso de gasto algún con cargo a recursos propios.

Faise constar, así mesmo, que non se prevé a posibilidade de efectuar abonos en conta ou pagos anticipados en canto a forma de pagamento das subvencións consonte ao establecido na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra.

Terceiro.- A contía máxima da convocatoria será con cargo ás aplicacións orzamentarias que determine o OXPC. Segundo o detallado no seguinte cadro :

	Actuación	Nº actuacións	Custo actuación	Achega Ministerio	Achega IGVS	TOTAL
ACB 27.10.2015	ARI/ARRU CONXUNTO HISTÓRICO	15	478.591,68 €	210.824,03 €	0,00 €	210824,03
	ARI/ARRU NÚCLEO DE ESTRIBELA	18	181.852,26 €	63.648,29 €	0,00 €	63648,29



ACB 26.10.2017	ARI/ARRU CONXUNTO HISTÓRICO	32	40.830,37 €	28.485,10 €	4.158,72 €	32643,82
	ARI/ARRU NÚCLEO DE ESTRIBELA	16	89.753,12 €	31.413,60 €	8.975,32 €	40388,92

As solicitudes achegadas neste convocatoria financiaranse con cargo aos Acordos de Comisión Bilateral do 26.10.2017 ata esgotar o crédito dispoñible e posteriormente con cargo aos Acordos de Comisión Bilateral do 27.10.2015, seguindo o criterio de maior puntuación de conformidade co artigo 8 das Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do 20.12.2017 (BOP núm. 244 do 22.12.2017) e artigo 8 das Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do 14.12.2015. (BOP núm. 245 do 21.12.2015).

O importe máximo da subvención será o 45 % do custo subvencionable das actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas que se realicen, e cunha contía máxima por vivenda obxecto de rehabilitación de 15.000 €, de acordo ao establecido nas bases reguladoras do Acordo de Comisión Bilateral do 26.10.2017 (BOP núm. 244 do 22.12.2017).

O importe máximo da subvención será o 35 % do custo subvencionable das actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas que se realicen, e cunha contía máxima por vivenda obxecto de rehabilitación de 11.000 €, de acordo ao establecido nas bases reguladoras do Acordo de Comisión Bilateral do 27.10.2015 (BOP núm. 245 do 21.12.2015).

O custo subvencionable total da actuación ven determinado pola suma do custo total das obras, os honorarios dos profesionais que interveñan, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e outros gastos xerais similares, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas. No custo total das obras non se incluírán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

As instancias coa correspondente documentación para solicitar a subvención, presentaranse por vía electrónica a través da sede do concello <http://sede.pontevedra.gal>. As persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en soporte papel en calquera dos lugares ou rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015.

O prazo de presentación de solicitudes será de 1 mes, contados desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O devandito extracto será comunicado ao BOP pola Base de Datos Nacional de Subvenciones, nos termos e cos requisitos establecidos no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e nas bases publicadas no BOP núm. 245 do 21/12/2015, dispoñéndose tamén a publicación desta convocatoria no Taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica, e na web <http://www.pontevedra.gal>,

O prazo máximo para a execución das obras será o 31.12.2023 e a Comunidade autónoma poderá resolver a concesión de axudas ata o 01.10.2023, de acordo á disposición final primeira do Real decreto 903/2022, do 25 de outubro, polo que se modifican o Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o Bono alugueiro mocidade e o Plan Estatal para o acceso á vivenda 2022-2025

Cuarto.- Ordenar a publicación do anuncio da nova convocatoria pública no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para que a partir do día seguinte á publicación se poidan formular as oportunas solicitudes, dando así cumprimento ao requisito da publicidade para lograr a súa eficacia e executividade, consonte ao establecido na lexislación de réxime local, concretamente artigos 70.2, 70 ter e 65 da Lei reguladora das bases do réxime local, no taboleiro de anuncios do Concello e na web <http://www.pontevedra.gal>,

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e



co visto e praxe da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

